



DENOMINACIÓN	Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes
CÓDIGO PROCEDEMENTO	VI438A
PUBLICACIÓN	DOG número 98, do 23 de maio de 2025. Resolución pola que se acorda a inclusión de actuacións de rehabilitación e rexeneración urbana no Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes e se convoca o acceso ao dito fondo para a anualidade 2025 (código do procedemento VI438A).
BASES REGULADORAS	DOG núm. 182, do 23 de setembro de 2016. Resolución do 20 de setembro de 2016 pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes. DOG núm. 83, do 2 de maio de 2019. Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
OBXECTO	Apoiar o financiamento das actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído que realicen os concellos de menos de 50.000 habitantes, por medio de préstamos sen xuros que serán reintegrados polos concellos nas condicións e prazos fixados na correspondente convocatoria.
PROCEDEMENTO	O procedemento de acceso ao financiamento iníciase de oficio, mediante a correspondente resolución de convocatoria.
PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	Desde o 02/06/2025 ata o 15/10/2025
REQUISITOS DOS SOLICITANTES	Concellos de menos de 50.000 habitantes segundo as últimas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes publicadas polo Instituto Galego de Estatística a 1 de xaneiro de 2025.
ACTUACIÓNS FINANCIADAS	a) As promovidas polos concellos no desenvolvemento das competencias que lles atribúe a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, ou a lexislación urbanística, en relación cos deberes de conservación e rehabilitación, incluída á execución subsidiaria, por parte dos concellos, de obras de



	edificación ou de urbanización. b) As de rehabilitación e rexeneración urbanas realizadas polo concello dentro das propias políticas municipais en materia de conservación e recuperación do patrimonio construído. c) As de urbanización de novos viais, previstos no planeamento municipal para mellorar a conexión de ámbitos urbanos ou de núcleos rurais. d) As dirixidas ao remate das edificacións non acabadas previstas no artigo 77 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. e) A adquisición de inmobles para a súa posterior rehabilitación. f) A elaboración de plans especiais de protección.
IMPORTE	O importe será solicitado polo concello e non poderá exceder do orzamento da actuación financiada, co límite de que ningún concello poderá presentar unha ou varias solicitudes de disposición de fondos que, individual ou conxuntamente, excedan do 25% do total do importe co que está dotado o Fondo de cooperación.
DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE	• Certificado do acordo municipal de solicitar o acceso ao Fondo de cooperación coas mencións mínimas recollidas no ordinal oitavo punto 1.a) da resolución de convocatoria. • Memoria descritiva da actuación para a que se solicita o financiamento, asinada polo correspondente responsable municipal, co contido mínimo especificado no ordinal oitavo punto 1.b) da resolución de convocatoria. • Xustificación do Intervención municipal competente da proposta do prazo de reposición da cantidade solicitada, de acordo co principio de sostibilidade financeira. • Compromiso asinado polo órgano municipal competente de permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non ingresadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, para o caso de que non se reintegren as cantidades nos prazos previstos na resolución e no posterior convenio de financiamento. • Compromiso asinado polo órgano municipal competente de incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, os importes das anualidades previstas na resolución e no posterior convenio de financiamento. • Compromiso asinado polo órgano municipal competente de non compensar as amortizacións pendentes coas



	contías que, por calquera outro concepto, puidese deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao seu sector público. • Compromiso asinado polo órgano municipal competente de que o inmovible que se pretende adquirir vai ser obxecto de rehabilitación, para o caso de adquisición dun inmovible. • Reportaxe fotográfica da actuación realizada no momento de presentar a solicitude e certificado do órgano municipal competente no que se indique que nesa data as actuacións non están rematadas, con indicación da súa porcentaxe de execución, no suposto de que as actuacións estean iniciadas con carácter previo á presentación da solicitude. • Certificado emitido pola persoa titular da secretaría do concello que acredite que o inmovible é de titularidade municipal, nos supostos de actuacións de rehabilitación e rexeneración urbanas realizadas polo concello
FORMA PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES	• Obrigatoriamente presentación electrónica.
INFORMACIÓN	• SERVIZOS CENTRAIS IGVS.....981541981-981541982-981957529 • DIRECCIÓN TÉCNICA DE AXUDAS Á VIVENDA..... 981957887
CONSULTAS	planificacion.igvs@xunta.gal